



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 30 de xullo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública dunha instalación eléctrica no concello de Chantada (exp. 2020/33 AT)

Para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro) e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE núm. 310, do 27 de decembro) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública, en concreto, da seguinte instalación eléctrica.

Denominación: LMT CHA815 TC APOIO 36

Solicitante: UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.

Domicilio social: AVDA SAN LUIS, 77, 28033 MADRID

Características técnicas principais:

- Substitución do apoio de formigón existente nº 36 da LMT CHA815 VILELA (HV S-A-13/400-B1-CS) por un novo apoio de celosía (C A-AL 14/2000-H35-CA) para a instalación dun interruptor-seccionador telecontrolado GPRS, retensando o condutor LA-56 dos vanos comprendidos entre os apoios existentes nº 33 e 39.

A declaración de utilidade pública, segundo o sinalado no artigo 56 da citada lei 24/2013, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (BOE núm. 351, de 17 de decembro)

A relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados que se consideran de necesaria ocupación, figuran no anexo que se insire xunto con esta resolución.

Aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial (edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70) referidas ás posibles limitacións á constitución da servidume de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real decreto 1955/2000) e aquelas outras que estimen oportunas no prazo de **vinte días** hábiles a contar dende o día seguinte ao da última publicación ou ao da notificación individual.

Durante este prazo poderase examinar o proxecto das instalacións nesta xefatura territorial de luns a venres entre as nove da mañá e as dúas da tarde.

Ata o mesmo momento do levantamento das actas previas, os interesados poderán facer alegacións por escrito aos únicos efectos de corrixir posibles erros que se atopen ao relacionar os bens e dereitos afectados segundo dispón o artigo 56.2 do Regulamento da lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160 do 27 de xuño)

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, do 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 4 de agosto de 2021- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo. P.A. O xefe do Servizo de Administración Industrial, (Art. 36.3 e 37.1 Decreto 230/2020 do 23 de decembro, DOG núm. 5, 11/01/2021), Juan Carlos Morán del Pozo.

Nº de predio	Propietario Nome e Apelidos	Parcela				Afección			
		Datos catastrais		Paraxe	Cultivo	Apoio		Voo	
		Políg.	Parc.			Nº	Superficie (m ²)	Lonxitude (m)	Superficie (m ²)
1	- Daniel Fernández Carreño	78	739	Pedra do Couto	Monte Alto	1 (1/2) EXT.	1.0	5.0	82.0
2	- Descoñecido	78	503	Pedra do Couto	Monte Alto	1 (1/2)		5.0	67.0
3	- Antonio Fernández Fernández	78	483	Sobreira	Monte Alto	1 (1/2)	1.0	28.0	448.0
4	- Carmen Cruz Vázquez e Irmáns.	78	479	Sobreira	Monte Alto			17.0	280.0
5	- Daniel Fernández Carreño	78	482	Sobreira	Monte Alto			11.0	261.0
6	- Elia López Vázquez y Hros.	78	480	Sobreira	Monte Alto			11.0	142.0
7	- Descoñecido	78	481	Sobreira	Monte Alto	2	2.0	16.0	200.0
8	- Hros. de Emilio Rodríguez García	78	421	Granxa	Monte Alto			34.0	545.0
10	- María Dolores Galloso Mazaira e outros	78	419	Granxa	Monte Alto			7.0	116.0
11	- Ana María Díaz Mazaira (rpta M ^a Noelia Galloso Mazaira)	78	418	Granxa	Monte Alto			8.0	137.0
12	- Descoñecido	78	417	Granxa	Monte Alto			20.0	316.0
14	- Descoñecido	78	415	Granxa	Monte Alto	3 (1/2)	1.0	15.0	233.0
16	- Hros. de Jesús Fernández Losada (rpta Jesús Fdez Pérez e Irmá)	78	413	Granxa	Monte Alto			10.0	152.0
18	- Descoñecido	78	409	Granxa	Prado			11.0	168.0
19	- Descoñecido	78	408	Granxa	Prado	CT EXT		2.0	35.0

R. 2360

Anuncio

Resolución do 30 de xullo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública dunha instalación eléctrica no concello de Sober (exp. 2020/21 AT)

Para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro) e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE núm. 310, do 27 de decembro) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública, en concreto, da seguinte instalación eléctrica.

Denominación: LMT DERIVADA AMANDI

Solicitante: UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.

Domicilio social: AVDA SAN LUIS, 77, 28033 MADRID

Características técnicas principais:

- Centro de transformación intemperie, cunha potencia de 50 kVA, e unha relación de transformación de 20.000/400 V. Desmantelamento da caseta de obra do CT existente.
- Liña de media tensión aérea a 20 kV, cunha lonxitude de 90 m, con orixe en apoio existente BTE4RBRJ//19 da LMT REG802 Monforte 2, condutor tipo LA-110 e final en apoio proxectado C-2000-20.

- Liña de media tensión aérea a 20 kV, cunha lonxitude de 299 m, con orixe en apoio proxectado C-2000-20, condutor tipo LA-56 e final en apoio proxectado C-2000-12 (CT).

A declaración de utilidade pública, segundo o sinalado no artigo 56 da citada lei 24/2013, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (BOE núm. 351, de 17 de decembro)

A relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados que se consideran de necesaria ocupación, figuran no anexo que se insire xunto con esta resolución.

Aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial (edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70) referidas ás posibles limitacións á constitución da servidume de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real decreto 1955/2000) e aquelas outras que estimen oportunas no prazo de **vinte días** hábiles a contar dende o día seguinte ao da última publicación ou ao da notificación individual.

Durante este prazo poderase examinar o proxecto das instalacións nesta xefatura territorial de luns a venres entre as nove da mañá e as dúas da tarde.

Ata o mesmo momento do levantamento das actas previas, os interesados poderán facer alegacións por escrito aos únicos efectos de corrixir posibles erros que se atopen ao relacionar os bens e dereitos afectados segundo dispón o artigo 56.2 do Regulamento da lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160 do 27 de xuño)

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, do 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 4 de agosto de 2021- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo. P.A. O xefe do Servizo de Administración Industrial, (Art. 36.3 e 37.1 Decreto 230/2020 do 23 de decembro, DOG núm. 5, 11/01/2021), Juan Carlos Morán del Pozo.

Nº de predio	Propietario Nome e Apelidos	Parcela				Afección			
		Datos catastrais		Paraxe	Cultivo	Apoio		Voo	
		Políg.	Parc.			Nº	Superficie (m ²)	Lonxitude (m)	Superficie (m ²)
2	- Descoñecido	33	476	Sobreiro	Erial			11.0	170.0
3	- Descoñecido	33	475	Sobreiro	Erial	18-1N	2.0	14.0	214.0
4	- Hros. de Manuel Vázquez Rodríguez / Repr: Concepción Vázquez Díaz	33	500	Sobreiro	Erial			23.0	338.0
5	- Descoñecido	33	480	Sobreiro	Piñeiral				4.0
7	- Descoñecido	33	492	Sobreiro	Piñeiral				31.0
8	- Descoñecido	33	493	Sobreiro	Piñeiral			25.0	358.0
10	- Hros. de Manuel Vázquez Rodríguez / Repr: Concepción Vázquez Díaz	33	470	Sobreiro	Piñeiral			24.0	377.0
11	- Iván Vázquez Rodríguez e outros	33	469	Sobreiro	Piñeiral e carballos			13.0	206.0
15	- Descoñecido	33	175	Peniña	Prado				176.0
16	- Hros. de Manuel Vázquez Rodríguez / Repr: Victoria Vázquez Díaz	33	176	Peniña	Prado				146.0
17	- Pilar López Fernández	33	174	Peniña	Prado				91.0
19	- Hros. de Manuel Vázquez Rodríguez	33	172	Peniña	Prado	18-3N CT	2.0	53.0	536.0

R. 2361

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

En sesión plenaria celebrada o 27 de maio de 2021, o Concello aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do estacionamento do Concello de Baralla.

O acordo da súa aprobación expúxose ao público no BOP número 124 de data 3 de xuño de 2021, presentándose reclamacións durante o prazo de exposición, que foron resoltas no Pleno de data 29 de xullo de 2021, polo que a devandita Ordenanza considérase definitivamente aprobada de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e publicárase no Boletín Oficial da Provincial o seu texto íntegro.

ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO E PERNOCTA DE AUTOCARAVANAS NO CONCELLO DE BARALLA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade do autocaravanismo ou turismo itinerante experimentou un crecemento significativo nos últimos anos en toda Europa, e a regulación normativa sectorial debe responder adecuadamente aos problemas que plantexa esta actividade para os usuarios, administracións públicas e cidadanía en xeral, nos diversos ámbitos materiais afectados.

Na regulación desta actividade concorren ámbitos competenciais de distintas administracións, que necesariamente deben conciliarse con un uso racional dos recursos naturais e culturais das zonas de interior.

O concello de Baralla que dispón de un Área de Servizo de Autocaravanas situada na zona achegada ao Área recreativa fluvial do concello, delimitada, sinalizada e debidamente acondicionada, estima necesaria a regulación da actividade do autocaravanismo, cunha dobre finalidade: por un lado alcanzar unha maior seguridade xurídica e establecer maiores garantías para os autocaravanistas e para a cidadanía en xeral, e por outro lado, fomentar o desenvolvemento económico do municipio, especialmente coa promoción de espazos de uso público para autocaravanas, como fonte de turismo e riqueza.

Considérase que se trata de instalacións sociais dado que son dotacións para as que existe unha demanda social real, actualmente en pleno crecemento.

Por medio desta Ordenanza, o Concello de Baralla regula o estacionamento e pernocta dos vehículos vivenda e o uso de áreas delimitadas e sinalizadas nas que unicamente as autocaravanas poden permanecer por un tempo determinado, cos seus servizos mínimos regulados, respectando a prohibición de establecer calquera tipo de artigo doméstico ou útiles fora do perímetro da autocaravana.

Artigo 1.- Obxecto.

A presente ordenanza municipal ten como obxecto regular o uso e disfrute de unha zona delimitada para o aparcamento ou estacionamento e pernocta de autocaravanas dentro da Área de Servizos de Autocaravanas que dispón o Concello de Baralla, garantindo a seguridade tanto dos usuarios como dos habitantes do municipio e a debida rotación e distribución equitativa dos aparcamentos públicos entre todos os usuarios, o adecuado uso e mantemento desa zona, así como o cumprimento da prohibición da acampada libre.

Artigo 2.- Prohibición da acampada libre.

Será obxecto de sanción o incumprimento da prohibición da acampada libre na zona establecida como aparcamento reservado para autocaravanas, especificándose nos artigos seguintes a diferenza entre a acampada libre e o estacionamento ou aparcamento de autocaravanas.

Artigo 3. Acampada libre.

Enténdese por acampada libre a instalación de un ou máis albergues móbiles, caravana, autocaravana, tenda de campaña ou outros elementos análogos facilmente transportables ou desmontables fora dos campamentos de turismo regulados nas leis e regulamentos correspondentes. Enténdese por elementos de acampada aqueles que poidan ser facilmente transportables e estean exentos de cimentación.

Queda incluído no termo acampada libre, a permanencia por un período de tempo superior ao regulado na presente Ordenanza.

Artigo 4.- Estacionamento de vehículos-vivenda e campers nas vías urbanas do concello.

Permitirase a parada e ou estacionamento ou aparcamento de vehículos vivenda e campers no casco urbano, sempre que o vehículo este correctamente estacionado, non constiua un obstáculo ou perigo para a circulación, o vehículo atópese estacionado da forma indicada e no lugar autorizado, e que a actividade no seu interior no transcenda ao exterior.

Artigo 5.- Uso da zona especial de estacionamento de vehículos vivenda e campers.

As zonas destinadas ao estacionamento de vehículos vivenda someteranse ás seguintes normas de uso:

1-Soamente estacionarán nas zonas reservadas aos vehículos recoñecidos como autocaravanas, caravanas ou vehículos homologados como vehículos vivenda, campers e afines.

2. En principio, a zona de estacionamento de autocaravanas é una instalación de uso e desfrute xeral gratuíta para os usuarios. Non obstante, o Concello resérvase a posibilidade de aprobar unha Ordenanza Fiscal que regule a Taxa que o usuario deberá satisfacer polo servizo prestado.

3. Os vehículos respectarán en todo momento as delimitacións do espazo debuxado no solo para o seu estacionamento, absténdose en todo momento de sacar ao exterior mesas, cadeiras, toldos, parasoles, tendedeiras ou calquera outro mobiliario doméstico.

4. O período máximo de estancia é de 72 horas a contar dende o momento de parada ata o abandono da praza. Esta estancia será inspeccionada polo persoal municipal designado ao efecto e soamente en casos de forza maior ou necesidade, e previa autorización da Alcaldía, poderase superar ese tempo máximo de estancia permitido.

5. Os usuarios disporán dun espazo destinado á evacuación das augas grises e negras producidas polas autocaravanas ou vehículos similares, así como dunha toma de auga potable.

Nesta zona non se poderá estacionar e estará a disposición dos usuarios, quen deberán mantela con posterioridade ao seu uso, en óptimas condicións hixiénicas.

Tamén se prohíbe expresamente o lavado de calquera tipo de vehículo.

6. Os usuarios non emitirán rúidos molestos para o barrio ou as persoas usuarias das zonas de estacionamento.

En todo caso, prohibéase a posta en marcha dos xeradores de electricidade en horario propio de descanso (entre as 22:00 e as 9:00 horas) ou durante o día en períodos excesivamente longos.

7. Os usuarios das zonas de autocaravanas acatarán calquera tipo de indicación que dende o Concello se estipule para o coidado e preservación da zona, e para o respecto e boa veciñanza cos habitantes do municipio.

8. O Concello de Baralla porá dispoñer en calquera momento da zona delimitada para o estacionamento de autocaravanas para outros usos, sen que elo implique ningún tipo de indemnización para os usuarios do servizo de aparcamento.

9. A zona de estacionamento de autocaravanas non é de carácter vixiado, non facéndose o Concello de Baralla responsable dos incidentes que se produzan nos vehículos como roubos, desperfectos ou similares.

Este estacionamento é asimilable a estes efectos ao que se realiza na vía pública.

Artigo 6. Inspección.

A contravención ou incumprimento de calquera dos artigos da presente Ordenanza, así como as disposicións que no seu desenvolvemento se diten pola Alcaldía, terán a consideración de infracción, correspondendo a esta Corporación local exercer as funcións de inspección e sanción que procedan.

Artigo 7. Competencia e procedemento sancionador.

1. O órgano competente para iniciar e resolver o procedemento sancionador será o Alcalde-Presidente do Concello de Baralla.

2. O procedemento sancionador substanciarase con arranxo ao previsto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións.

Artigo 8. Infraccións e sancións.

1. Considérase infracción leve o estacionamento de autocaravanas contravindo o disposto na presente Ordenanza Reguladora, sempre que a infracción non se cualifique expresamente como grave, e sancionase cunha multa de 100 €.

2. Considéranse infraccións graves:

a.- O estacionamento de autocaravanas contravindo o disposto na presente Ordenanza Reguladora sempre que a infracción supoña obstaculización da vía pública.

b.- Estacionar na zona reservada os vehículos non recoñecidos como autocaravanas.

c.- Non respectar as delimitacións do espazo distinguido no solo para o seu aparcamento, dificultando ou impedindo a correcta circulación pola zona a consecuencia do mal estacionamento.

d.- Incumprir a prohibición de acampada libre e das actividades asimilables á mesma.

e.- O aparcamento ou estacionamento por un período de tempo superior ao autorizado.

f.- Incumprir a prohibición do lavado de calquera tipo de vehículo na zona delimitada como estacionamento de autocaravanas.

g.- Empregar para o vertido de augas grises e negras lugares non habilitados ao efecto.

h.- Producir emisión dalgún tipo de fluído contaminante, salvo os propios da combustión do motor a través do tubo de escape.

i.- Emitir ruídos molestos, como por exemplo, a posta en marcha dun xerador de electricidade entre as 22:00 e as 9:00 horas ou durante o día en períodos excesivamente longos.

j.- Incumprir as indicacións que dende o Concello se estipule para o coidado e preservación da zona, e para o respecto e boa veciñanza cos habitantes do municipio.

k.- O uso fraudulento dos servizos prestados na área habilitada para o estacionamento de autocaravanas.

As infraccións graves sancionaranse cunha multa de 200 €.

3. A multa incrementarase ata 500 € para quen produza un deterioro no mobiliario urbano ou ensucien de forma indiscriminada a zona de acampada ou instalaran grellas ou elementos similares que ocasionen prexuízo ou risco no entorno, independentemente da obrigaçión de reparación ou abono do custo dos danos ocasionados.

Artigo 9. Responsabilidade.

A responsabilidade polas infraccións ao disposto nesta Lei recaerá directamente no autor do feito no que consista a infracción.

O titular ou arrendatario do vehículo co que se cometera a infracción, debidamente requirido para elo, ten o deber de identificar con veracidade á persoa responsable da infracción.

No caso de incumprir esta obrigaçión no trámite do procedemento oportuno sancionárase cunha multa de 200 € como autor de infracción grave.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA. ENTRADA EN VIGOR.

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do texto integro aprobado polo Pleno Municipal.

Baralla, 4 de agosto de 2021.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 2362

CASTROVERDE

Anuncio

Expediente 203/2021

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD POR PROMOCIÓN INTERNA DUNHA PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NO CONCELLO DE CASTROVERDE.

1.- OBXECTO.

1.1.- É obxecto das presentes bases a provisión dunha praza de persoal funcionario, reservada a promoción interna.

1.2.- Características da praza.

GRUPO	SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	NÚMERO DE VACANTES	DENOMINACIÓN	QUENDA
C	C2	Auxiliar Administrativo	1	Auxiliar Administrativo	Por promoción interna

1.3.- Sistema de selección

O sistema de selección será o de CONCURSO-OPOSICIÓN, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local. O sistema escollido xustifícase na necesidade de que os/as candidatos/as amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir, promovendo deste xeito a actualización e perfeccionamento da cualificación profesional dos funcionarios/as de carreira desta Administración Local,

A devandita praza de Auxiliar Administrativo atópase dotada no orzamento vixente desta Entidade, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto e as disposicións aplicables nesta materia.

1.4.- Cometido funcional.

O cometido funcional da praza/posto de traballo consistirá na realización das funcións propias do posto, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Entidade en calquera dos servizos desta.

Con carácter particular, as seguintes:

- Anotación de cantas propostas de gastos (retención ou disposición de créditos), e control dos saldos dispoñibles nos mesmos.
- Rexistro xeral de facturas na correspondente aplicación e seguimento das mesmas hasta o seu pagamento.
- Elaboración de relacións contables de facturas para o seu envío a Intervención, a fin de que procedan á súa tramitación e posterior recepción, rexistro e contabilización das aprobadas polo órgano competente.
- Seguimento da situación debedora ou acreedora dos terceiros interesados que se relacionan co Concello.
- Proporcionar os datos necesarios para a formación da Conta Xeral, así como das contas, estados e documentos que deban elaborarse para os efectos que procedan.
- Contabilización das fases de ordenación do pago e realización material do mesmo, así como de todos os ingresos.
- Relacións con entidades colaboradoras bancarias no relativo aos ingresos e pagamentos.
- Pago das nóminas de persoal, mantendo actualizado o banco de datos para abono de nómina por transferencia bancaria.
- Elaboración de informes como son os Trimestrais sobre Período Medio de Pago, Anual de morosidade, acta de arqueo e os de Pago trimestral de I.V.A. e I.R.P.F.
- Declaración anual de I.V.A modelo 390, modelo 347 pagos superiores a 3.000 euros.
- Colaboración na elaboración do orzamento, así como no seguimento da súa execución posterior.
- Controlar todas as operacións rexistradas en contabilidade, tomando razón do seu asento en contabilidade, comprobando a validez e adecuación dos xustificantes das mesmas.
- Organizar un adecuado sistema de arquivo e conservación de toda a documentación e información contable que permita poñer ao dispor dos órganos de control os xustificantes, documentos, contas ou rexistros do sistema de información contable por eles solicitados nos prazos requiridos
- A xestión do rexistro contable de facturas e o seu seguimento para cumprir os obxectivos da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Calquera outra tarefa de similar natureza que con carácter extraordinario lle sexa encomendada pola Intervención.

2.- CONDICIÓN DE ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007
- b) Ser funcionario de carreira do Concello de Castroverde, pertencendo á Escala de Administración Xeral, agrupacións profesionais, de acordo coa disposición adicional sexta e disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias da subescala á que se aspira.
- d) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Ter una antigüidade de polo menos, dous anos como persoal funcionario de carreira no corpo ou escala desde o que se accede, segundo o disposto no artigo 18.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e o artigo 80.1.b) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- f) Estar en posesión, ou en condicións de obter á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o título de graduado en ESO, Graduado escolar, FP1 ou equivalente.
- g) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao

corpo ou escala de persoal funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

h) Non estar comprendido en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

Todos os requisitos esixidos neste apartado deberán posuílos as persoas aspirantes no día que remate o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionarios de carreira.

3.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán presentar a solicitude, que figura como Anexo II destas bases dirixidas á Alcaldía do Concello de Castroverde e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei_39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Á solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou, no seu caso, pasaporte.

- Documentos acreditativos dos méritos e circunstancias alegados debidamente compulsados: titulación esixida, cursos formativos, certificación dos servizos prestados expedida polo Concello.

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Non obstante o sinalado, a presentación de instancias fóra do prazo establecido non será emendable e suporá a exclusión do procedemento selectivo.

4.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Transcorrido o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde-Presidente, ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando a lista provisional de admitidos/as e excluídos/a, nomeamento de Tribunal e fixando data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio. Esta Resolución publicarase no BOP e na páxina web deste Concello: www.concellodecastroverde.gal

Contra a Resolución que aprobe a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, as persoas aspirantes poderán formular alegacións, dentro do prazo de dez días.

Finalizados os prazos sinalados, o Sr. Alcalde-Presidente ditará Resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións presentadas, e publicará tamén a citada resolución no BOP coas listas definitivas completas de admitidos/as e excluídos/as.

De non producirse exclusións, ou de non presentarse ningunha alegación a lista provisional, esta entenderase definitiva, transcorrido o prazo de dez días hábiles dende a publicación da Resolución aprobatoria desta no BOP.

Contra a Resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a publicación no BOP; ou ben recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación no BOP.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca.

Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

O Tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais.

Tódolos/as vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco

anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do presidente e do secretario. Tódolos membros do Tribunal teñen voz e voto. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de técnicos asesores, con voz e sen voto, para todas ou algunhas das probas que así o requiran. Estes colaborarán co órgano encargado da selección exclusivamente cando sexa necesario, por mor de temas técnicos.

As persoas integrantes do Tribunal, así como o persoal asesor ou colaborador que se incorpore a este, terán dereito, pola súa concorrencia as sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

Así mesmo, as persoas membros do Tribunal que teñan que desprazarse dende outro termo municipal terán dereito a gastos de viaxe, conforme determina o RD 462/2002, de 24 de maio, podendo efectuar o citado desprazamento en vehículo propio.

6.- SISTEMAS DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS

O proceso selectivo constará de dúas fases unha de concurso e outra de oposición.

Unha vez comezadas as probas non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios para a realización das restantes no BOP, sendo suficiente a súa publicación no Taboleiro de Anuncios deste Concello.

O Tribunal poderá ordenar a realización dos exercicios de forma sucesiva, sempre que así se anuncie ó rematar cada un dos exercicios anteriores. Non obstante, os aspirantes poderán solicitar que dende o inicio dun exercicio ata o comezo do seguinte transcorra un prazo mínimo de setenta e dúas horas, prazo que neste caso debe ser respectado polo Tribunal. O prazo entre o final dunha proba e o comezo da seguinte será dun máximo de 40 días hábiles.

6.1.- FASE DE CONCURSO

O Tribunal valorará exclusivamente os méritos presentados en documentos debidamente acreditados polos aspirantes antes da realización do primeiro exercicio da fase de oposición. O resultado da valoración farase público mediante a súa exposición no taboleiro de edictos da casa do concello. En todo caso a puntuación obtida non se poderá aplicar para superar os exercicios da fase de oposición

Nesta fase de concurso valoraranse os méritos relacionados coa carreira, os postos desempeñados, o nivel de formación e a antigüidade.

O Tribunal outorgará a puntuación conforme ao seguinte BAREMO:

a) Experiencia profesional

· Por cada ano de servizos prestados no grupo profesional de orixe ou en outros postos superiores: 0,40 puntos.

· A puntuación máxima neste apartado será de 4 puntos e acreditarase mediante certificación expedida pola Administración correspondente na que se faga constar a duración dos servizos, escala, subescala, grupo e/ou categoría e nome do posto de traballo e as tarefas desenvolvidas, así como informe de vida laboral, os contratos debidamente asinados e/ou a toma de posesión como funcionarios/as.

b) Méritos académicos

Por estar en posesión doutros títulos académicos, ata un máximo de 2 puntos:

· Título de licenciado universitario: 2 puntos

· Título de diplomado universitario: 1,5 puntos

· Título de bacharelato ou FP2: 1 punto

c) Cursos de formación e perfeccionamento

· Pola participación en cada curso relacionado coas funcións a desenvolver, impartido polo INAP, a EGAP ou calquera outro centro oficial autorizado para impartilos (non serán obxecto de valoración os cursos impartidos por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada) :

— por cada curso de 60 horas de duración ou de 10 ou máis xornadas: 0,60 puntos

— por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos

— por cada curso de 10 a 29 horas de duración ou de 2 a 4 xornadas: 0,20 puntos.

d) Cursos de aproveitamento

· Por participación en cursos nos que, independentemente do número de horas lectivas, se esixa un exame final para a obtención dun diploma, 0,80 puntos, podendo ser incrementada a súa valoración en función do seu número de horas lectivas segundo a táboa do apartado anterior

· A puntuación máxima conxunta nos apartados c) e d) non poderá exceder de 2,50 puntos.

e) Coñecemento da lingua galega

· Polo curso de iniciación, 0,50 puntos

· Polo curso de perfeccionamento, 0,75 puntos

· Polo curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente, 1 punto

· Polo curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente, 1,50 puntos

Só se puntuará o nivel máis alto acreditado. A estes efectos estarase, ademais, ao previsto na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA). A puntuación dos apartados b), c), d) e e) acreditarase mediante copia compulsada dos títulos ou certificacións que acrediten os méritos expeditas polos órganos competentes.

6.2.- FASE DE OPOSICIÓN

De conformidade co disposto no R. D. 896/1991, o programa da convocatoria consta de 20 temas; non obstante, en base ó previsto no artigo 77 do R. d. 364/1995 de 10 de marzo, os aspirantes a esta praza da quenda de promoción interna están exentos das materias que teñan superado nos sistemas selectivos convocados para o acceso á agrupacións profesionais.

En orde a comprobar a idoneidade dos candidatos a realización das probas será obrigatoria e eliminatória, cualificándose ata un máximo de 10 puntos cada exercicio, sendo eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos. A puntuación de cada un dos exercicios determinarase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do Tribunal. A puntuación máxima nesta fase será de 20 puntos.

Os exercicios da oposición serán os que seguen:

6.2.1.- PRIMEIRO EXERCICIO.

Será un exame teórico de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en contestar un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas con tres respostas alternativas por pregunta, das que só unha é correcta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo I a estas bases e que se desenvolverá no tempo máximo que sinala o Tribunal de selección. Puntuarase 0,25 puntos por pregunta correctamente acertada. Non se penalizarán as respostas incorrectas nin as respostas en branco.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

O cuestionario será determinado polo tribunal antes do inicio da proba.

Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

6.2.2.- SEGUNDO EXERCICIO.

De carácter práctico:

Este exercicio consistirá na realización dun suposto práctico proposto polo Tribunal.

Esta proba será realizada e/ou transcrita, a criterio do Tribunal, utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias.

O tempo máximo para realizala será fixado polo Tribunal.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 10 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 5 puntos.

6.3.3.- TERCEIRO EXERCICIO.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio, que se cualificará como apto ou non apto. Consistirá na tradución ao galego dun texto en castelán durante un período de 30 minutos. Estará exento da súa realización quen acredite no prazo de presentación da solicitude para participar no concurso-oposición que se convoca a posesión do título de Celga 3 ou certificado de validación equivalente ou superior.

O Presidente do Tribunal adoptará as medidas oportunas para que os exercicios escritos se corrixan sen coñecer a identidade dos aspirantes, sempre que sexa posible, garantíndose o anonimato.

O primeiro exercicio da oposición non terá lugar antes de que teña transcorrido un prazo mínimo dun mes a contar dende a publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

7.-CUALIFICACIÓN FINAL.

A suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición, suporá a puntuación total da proba selectiva, que servirá para elaborar a relación de aprobados por orde de puntuación.

A puntuación dos 2 primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos, resultando eliminados os/as aspirantes que non cheguen a 5 puntos. A puntuación máxima na fase de oposición será, polo tanto, de 20 puntos. A puntuación máxima na fase de concurso será de 10 puntos.

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición e dos obtidos na fase de concurso que non poderá exceder de 30 puntos.

8.- RELACIÓN DE APROBADOS, ACREDITACIÓN DE REQUISITOS ESIXIDOS E NOMEAMENTO.

· Realizadas as valoracións, o Tribunal elevará á Alcaldía as puntuacións obtidas no proceso selectivo e o nome dos aspirantes que o superaran, e cando proceda, proporá o correspondente nomeamento. A relación de aprobados non poderá superar o número de prazas convocadas. O Sr. Alcalde formulará proposta a Xunta de Goberno para que efectúe o nomeamento resolvendo definitivamente o procedemento selectivo, publicándose o acordo no Boletín Oficial da Provincia.

O nomeamento será notificado ao persoal interesado, quen no prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo, deberá presentar no rexistro xeral desta entidade a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- b) Certificación en extracto de inscrición de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.
- c) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade non defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- d) Acreditación de non ter sido separada do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- f) No caso de persoas aspirantes a prazas de cota reservada a persoas con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que superen o concurso-oposición ou oposición, deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e Benestar e, se é o caso, da Administración correspondente.
- g) Declaración, baixo xuramento ou promesa, de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade conforme coa lexislación vixente e referida ó momento da súa toma de posesión.

· A Adquisición da condición de funcionario de carreira adquirirase polo cumprimento sucesivo dos seguintes requisitos:

- a) Superación do proceso selectivo.
- b) Nomeamento polo órgano ou autoridade competente, que será publicado no DOG.
- c) Acto de acatamento da Constitución Española e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e ó resto do ordenamento xurídico.
- d) Toma de posesión da praza do prazo máximo dun mes, contado a partir da publicación de nomeamento.

Quen, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentara a súa documentación ou cando da mesma se deducira que carece dalgún dos requisitos sinalados, non poderán ser nomeadas, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude.

Se as persoas aspirantes seleccionadas tiveran a condición de persoal funcionario público, estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento. Neste caso

presentarán certificación do Organismo ou Ente do que dependan, acreditativo da súa condición de persoal funcionario, así como das demais circunstancias que consten no seu expediente persoal que sexan necesarias para xustificar os requisitos esixidos para o nomeamento.

9.- INCOMPATIBILIDADES.

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

10.- INCIDENCIAS.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.- DISPOSICIÓN FINAL.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración municipal tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Castroverde, 9 de xullo de 2021.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

ANEXO I

TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura. Características xerais. Principios que informan a Constitución Española de 1978. O Título Preliminar da Constitución. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
2. A Coroa. As Cortes Xerais: Composición. Atribucións e funcionamento. O Goberno e a Administración. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.
3. A Organización Territorial do Estado na Constitución. As Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía. Réxime de competencias. Relación entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
4. A Comunidade Autónoma de Galicia: O Parlamento, a Xunta e o seu Presidente.
5. Réxime Local español: Fontes do ordenamento xurídico local. Lexislación estatal e autonómica. A Lei 5/97, de 22 de xullo, da administración local de Galicia. Clases de Entidades Locais.
6. O Concello. Elementos: territorio e poboación. Competencias dos municipios. A organización municipal. Principios fundamentais.
7. Concellos de réxime común: O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cese. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións. O Concello Pleno. Composición e competencias. As Comisións Informativas.
8. Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados locais.
9. A potestade regulamentaria das Entidades Locais: Ordenanzas, Regulamentos e bandos.
10. O persoal ao servizo da Administración Local: Clases de Persoal. Dereitos e deberes. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.
11. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos. Eficacia dos actos. Notificación e Publicación. Nulidade e anulabilidade.
12. O procedemento administrativo: Iniciación, ordenación, instrución e terminación. Los recursos administrativos. La revisión de oficio.
13. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.
14. As Facendas Locais: Recursos das Facendas Locais. Impostos, Taxas e Contribucións Especiais.
15. O Orzamento das Corporacións Locais: Estrutura, elaboración e aprobación.
16. Execución do orzamento. Modificacións orzamentarias. Liquidación do orzamento.
17. Dereitos e deberes dos veciños no ámbito local: Información e participación cidadá.
18. O Rexistro de documentos: Concepto. O rexistro de entrada e saída: O seu funcionamento nas Corporacións Locais. Presentación de instancias e outros documentos nas oficinas públicas.
19. A Igualdade: Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes: principios xerais e tutela. Lei 2/2007, de 28 de marzo, del traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
20. A Administración Electrónica. Dereitos da cidadanía. Dos rexistros, as comunicacións e as notificacións electrónicas. Da xestión dos procedementos.

ANEXO II**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN POR PROMOCIÓN INTERNA DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO PERTENCENTE A ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA**

D./ D^a.....,
 con DNI..... de domicilio a efectos de notificacións en
, da localidade de.....(Código Postal.....)
 e nº de teléfono.....

EXPÓN.- Que sendo convocadas as probas selectivas para a provisión por promoción interna polo procedemento de concurso-oposición dunha praza de auxiliar administrativo vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Castroverde, encadrada na escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Subgrupo C2, e coñecendo e aceptando as Bases que regulan o procedemento selectivo,

MANIFESTA.- Que reúne todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria, presentando a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI.
- Copia da titulación esixida debidamente compulsada.
- Relación de méritos e circunstancias alegados, achegando os documentos xustificativos dos mesmos:
 - o Certificado de servizos prestados como funcionario pertencente a agrupacións profesionais expedido polo Concello de Castroverde.

Méritos académicos:

-
-

Cursos de formación:

-
-

Coñecemento da lingua galega:

-
-

Así mesmo, DECLARA, posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo e non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme. E comprométese, no caso de ser seleccionado/a, a presentalo correspondente certificado médico.

SOLICITA sexa admitido/a para tomar parte no concurso-oposición para cubrir en propiedade dita praza de auxiliar administrativo, encadrada na escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Subgrupo C2, coa exención do exame de galego, no caso de ter acreditado a posesión do título de Celga 3 ou certificado de validación equivalente ou superior.

Castroverde, adede 2020

Asdo.:

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 6/2021, (cuarto de competencia do Pleno), para crédito extraordinario e suplemento de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión ordinaria, celebrada o día vinte e catro de xuño de dous mil vinte e un, por un importe total de SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00 €), con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior na data de aprobación deste expediente, para atender necesidades de servizos, subministros e outros; de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.- Operacións non financeiras				
A. 1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	1.264.375,30	+ 4.200,00	1.268.575,30
2	Gastos B. Correntes e Servizos	1.748.656,40	+ 15.534,92	1.764.191,32
3	Gastos financeiros	5.500,00	0,00	5.500,00
4	Transferencias correntes	150.374,68	+ 13.293,00	163.667,68
5	Fondo de Continxencia	0,00	0,00	0,00
A. 2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	1.250.652,47	+ 28.972,08	1.279.624,55
7	Transferencias de Capital	233.577,93	+ 13.000,00	246.577,93
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
Total		4.653.136,78	75.000,00	4.728.136,78

Modifícase o Anexo das Inversións do vixente Orzamento.

Modifícase o Anexo da Base 13ª das Bases de Execución do vixente Orzamento, donde figura a relación de subvencións nominativas, incrementando á seguinte:

Comunidad de Usuarios dos Carrelos (NIF G27509017), aportación económica a traída de augas, importe 13.000,00 euros.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 23 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

LUGO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 4 de agosto de 2021, aprobouse, entre outros, o procedemento de licitación para a **AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DAS CASETAS E CALDEIROS DO POLBO DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN DO ANO 2021. EXPTE 2021-C005-000033.**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
 b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** Regular a concesión de autorizacións para a instalación de casetas e caldeiros do polbo números 1, 2, 3 e 4, do plano do proxecto da Feira, no recinto feiral durante as Festas do San Froilán, no ano 2021.

b) **Prazo de duración:** Durante as festas do San Froilán do ano 2021.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) **Tramitación:** ordinaria
 b) **Procedemento:** aberto.

4.- Tipo de licitación:

Os prezos mínimos para a licitación das casetas e caldeiros do polbo serán os que a continuación se detallan:

CASETA	PREZOS BASE MÍNIMOS	Prezos mínimos situación R1	Prezos mínimos situación R2	Prezos mínimos situación R3
Nº 1	18.311,78	16.374,17	12.280,62	9.824,50
Nº 2	17.312,95	15.391,72	11.298,17	8.842,05
Nº 3	16.647,07	14.736,75	10.643,21	8.187,08
Nº 4	16.647,07	14.736,75	10.643,21	8.187,08

CALDEIRO	PREZOS BASE MÍNIMOS	Prezos mínimos situación R1	Prezos mínimos situación R2	Prezos mínimos situación R3
Nº 1	11.516,84	10.298,22	7.723,66	6.178,93
Nº 2	10.888,65	9.680,32	7.105,77	5.561,04
Nº 3	10.469,85	9.268,40	6.693,84	5.149,11
Nº 4	10.469,85	9.268,40	6.693,84	5.149,11

5.- Garantías:

- a) **Provisional:** 3% do prezo mínimo de saída (3% prezo mínimo situación intermedia R2) de cada unha das parcelas de casetas e caldeiros ás que se presente oferta
 b) **Definitiva:** 5% do importe anual ofertado (5% prezo mínimo situación vixente a 01/09/2021).

6. Obtención de documentación e información.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.
 b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.
 c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
 d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44
 e) **Dirección internet:**

(https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbY OV10%3D.)

f) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos dos contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas e administrativas.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula sétima das bases técnicas e administrativas.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou por correo.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrarase ó **segundo día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación agás modificación publicada con antelación no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura e exame da documentación se realice en día distinto ó sinalado anteriormente, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

10.- Outras informacións: As que se recollen nas bases técnicas e administrativas.

Lugo, 4 de agosto de 2021.- A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMIA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo

R. 2385

PARADELA

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 29 de xullo de 2021, aprobou as Bases da XXVII Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López. Modalidade: narrativa, poesía e Camiño de Santiago, co seguinte tenor literal:

O Concello de Paradelas, co afán de potenciar a creación literaria, convoca a XXVII Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López. Modalidade: narrativa, poesía e Camiño de Santiago

“BASES XXVII EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO MANUEL-ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ.

PRIMEIRA.- Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose unha soa obra por categoría e autor.

SEGUNDA.- Categorias e requisitos das obras.

Narrativa:

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo, mecanografadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

Poesía:

As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambas categorías, deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

Modalidade Especial Camiño de Santiago.

Cos mesmos requisitos sinalados nos parágrafos anteriores, o paso do Camiño Francés por Paradela e a celebración no Ano 2022 do Ano Xacobeo, continúa nesta Edición a modalidade relativa ao Camiño de Santiago, en especial referida ao Camiño Francés ao seu paso por Paradela.

Nesta modalidade concorrerán de xeito conxunto tanto as obras de narrativa coma as de poesía.

TERCEIRA.- Presentación das obras.

O prazo de entrega iniciase o día un de outubro de 2021 e rematará o trinta de novembro de 2021.

Enviarase un único exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA

Certame literario

(Modalidade Poesía/Narrativa/Especial Camiño de Santiago)

Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15

27611 Paradela-Lugo

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta oix.paradela@eidolocal.es, deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, dirección de correo electrónico (no seu caso) e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais ou plica, co título da obra.
- O título da obra.

Os arquivos serán custodiados pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra.

No caso de participación nos tres apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado, facendo constar a modalidade "poesía", "narrativa" ou "especial Camiño de Santiago".

En cumprimento do establecido en materia de protección de datos, Regulamento UE 679/2016 e LOPDGDD 3/2018 o CONCELLO DE PARADELA, como Responsable do tratamento, con enderezo Rúa Cabaleiros de Santiago, 15. 27611 PARADELA- LUGO, infórmalle de que os datos facilitados conforme ás bases deste certame, e por tanto, en base o seu consentimento, utilizarémolos coa finalidade de poder xestionar a súa inscrición e participación no "Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López". Conservaremos os seus datos ao menos mentres dure o Certame ou mentres dispoñamos do seu consentimento. Os seus datos non serán cedidos salvo obrigacións legais. Non está prevista a transferencia internacional de datos salvo con fines de almacenamento e en todo caso mediante garantías adecuadas.

Pode contactar co responsable, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición ao tratamento, dirixíndose mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou por e-mail concello.paradela@eidolocal.es. Ten dereito a reclamar ante a Autoridade de Control de protección de datos. Para información adicional pode consultar no noso Concello a través do correo concello.paradela@eidolocal.es.

CUARTA.- Premios.

Modalidade narrativa:

1º Premio: mil euros (1.00,00 €)

2º Premio: cincocentos euros (500,00 €)

Modalidade poesía:

1º Premio: mil euros (1.00,00 €)

2º Premio: cincocentos euros (500,00 €)

Modalidade especial Camiño de Santiago

1º Premio: mil euros (1.00,00 €)

O xurado reservase a facultade de conceder dous accésits de douscentos cincuenta euros (250,00 €), en cada categoría, asemade poderá conceder ata dúas mencións de honra como máximo, de douscentos cincuenta euros (250,00 €) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

QUINTA.- Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2022 e farase público polos medios de comunicación e nas páxinas web do concello www.paradela.es e www.concelloparadela.es; comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio en calquera das categorías obxecto do certame; e a súa decisión será inapelable.

SEXTA.- Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas, accésits e mencións de honra durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

Unha vez producido o fallo dos premios, accésits e mencións de honra, os autores que resulten galardoados non poderán solicitar que non se publique a obra.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López- XXVI Edición.

SÉTIMA.- Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria é de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado”.

Paradela, 30 de xullo de 2021.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz.

R. 2386

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada en data 29 de xullo de 2021, o “Plan de Mobilidade Sostible do Concello de Paradela”, ábrese un prazo de información pública de vinte días hábiles a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 30 de xullo de 2021.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz.

R. 2387

SARRIA

Anuncio

Por parte do Concello de Sarria vaise proceder a seguinte contratación como persoal laboral temporal:

Seis operarios de servizos varios

Prazo de presentación de instancias: 10 días naturais, contados dende o día seguinte en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Bases para a selección completas, publicadas no portal de transparencia do Concello de Sarria (carpeta 1.7.2): sede.sarria.es

Sarria 4 de agosto de 2021.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2364

Anuncio

Por parte do Concello de Sarria vaise proceder a seguinte contratación como persoal laboral temporal:

Un Tractorista

Prazo de presentación de instancias: 5 días naturais, contados dende o día seguinte en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Bases para a selección completas, publicadas no portal de transparencia do Concello de Sarria (carpeta 1.7.2): sede.sarria.es

Sarria 4 de agosto de 2021.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2365

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente: A/27/05380/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: C.U. de Motls. Chousa da Porta y Leira dos C.

Nombre del río o corriente: Dos manantiales

Punto localización: Vilachá, fincas Chousa da Porta y Leira dos Cantos

Término municipal y provincia: Lugo, Lugo

Caudal concedido: 0,09 l/s

Destino: Abastecimiento

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 21 de marzo de 1996

Registro de Aguas: 5004, Sección A, en el Tomo 0051, hoja número 004

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Lugo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 4 de agosto de 2021.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2367

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E FUNCIÓN PÚBLICA
DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA. ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA*Anuncio*

Anuncio del Área de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra y de la Delegación del Gobierno en Galicia por el que se somete a información pública el Estudio de Impacto Ambiental y la solicitud de Autorización Administrativa Previa del Parque Eólico Prada, de 170,5 MW, situado en los términos municipales de O Barco de Valdeorras, A Veiga, y Carballeda de Valdeorras (Ourense), y su infraestructura de evacuación, situada en los términos municipales de O Barco de Valdeorras, Petín, Larouco, San Xoan de Río y A Pobra de Trives (Ourense) y Quiroga (Lugo).

La entidad Desarrollos Renovables Iberia Gamma, S.L. ha solicitado Declaración de Impacto Ambiental y Autorización Administrativa Previa de la instalación "Parque eólico Prada", de 170,5 MW de potencia, ubicado en los términos municipales de O Barco de Valdeorras, A Veiga y Carballeda de Valdeorras, en la provincia de Ourense.

Dentro del alcance de la referida instalación se incluyen las infraestructuras necesarias para su conexión a la red de transporte en el nudo Trives 220 kV, así como las actuaciones de refuerzo y ampliación previstas en los viales de acceso a la instalación desde la red viaria de alta capacidad. El conjunto de las actuaciones indicadas se desarrollará, además de en los referidos términos municipales de O Barco de Valdeorras, A Veiga, y Carballeda de Valdeorras, en los términos municipales de Petín, Larouco, San Xoan de Río y A Pobra de Trives, en la provincia de Ourense, y Quiroga, en la provincia de Lugo.

La puesta en funcionamiento de nuevas instalaciones de producción de energía eléctrica está sometida al régimen de autorizaciones definido en el artículo 53 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico, y en sus disposiciones de desarrollo, destacando entre estas el Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica.

Asimismo, el proyecto está sujeto al procedimiento de evaluación de impacto ambiental ordinaria, en virtud de lo definido en el artículo 7.1.a de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental.

De conformidad con lo previsto en el artículo 53.1.a de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, la tramitación de ambos procedimientos (Autorización Administrativa Previa y Evaluación de Impacto Ambiental) se está efectuando de manera conjunta.

A los efectos previstos en el artículo 125.1 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, y en el artículo 36 de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, se somete a trámite de información pública el Estudio de Impacto Ambiental y la solicitud de Autorización Administrativa Previa de la instalación indicada, cuyas características generales son las siguientes:

Peticionaria: Desarrollos Renovables Iberia Gamma, S.L., con domicilio social en Paseo de la Castellana nº 200, Piso: 8, Puerta: 810 C.P. 28046 Madrid, y CIF: B-88605084.

Denominación: Parque Eólico Prada, de 170,5 MW, y su infraestructura de evacuación.

Código de proyecto: PEol-403.

Emplazamiento: Términos municipales de O Barco de Valdeorras, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Petín, Larouco, San Xoan de Río y A Pobra de Trives (provincia de Ourense), y Quiroga (provincia de Lugo).

Finalidad: Generación de energía eléctrica a partir de fuentes de energía renovable (eólica).

Características técnicas:

Parque Eólico: 31 aerogeneradores de 5.500 kW de potencia unitaria, tensión de generación 30 kV, con 158 m de diámetro de rotor y una altura de buje de 120'9 metros. Se contempla la posibilidad de incrementar el diámetro de rotor hasta 170 m y la altura del buje hasta 130 m, así como de incrementar hasta 7 MW la potencia nominal del aerogenerador. Incluye 4 torres meteorológicas. Términos municipales de O Barco de Valdeorras, A Veiga y Carballeda de Valdeorras (provincia de Ourense).

Líneas de interconexión de media tensión: líneas subterráneas de 30kV de interconexión de los aerogeneradores con la Subestación 30/220 kV "Prada".

Subestación eléctrica (SET 30/220 kV "P.E. Prada"): recibirá la energía generada en el parque eólico "Prada", por medio de una única posición de línea 220kV y transformador 30/220 kV de exterior. Las instalaciones de 30 kV serán de tipo interior e incluirán 10 posiciones de entrada de línea de 30 kV para recoger los circuitos procedentes del Parque Eólico. Superficie aproximada 5.280 m². Término municipal de O Barco de Valdeorras (provincia de Ourense).

Línea de Alta Tensión a 220kV de evacuación: para evacuación de la energía generada por el parque eólico mediante la conexión de la subestación 30/220 kV del Parque Eólico Prada con la subestación Trives 220 kV de la red de transporte. Simple circuito, un conductor por fase y cable de tierra, con una longitud aproximada de 30.529 metros. Términos municipales de O Barco de Valdeorras, Petín, Larouco, San Xoan de Río y A Pobra de Trives (provincia de Ourense) y Quiroga (provincia de Lugo).

Infraestructuras de acceso al parque eólico: por la provincia de Ourense, desde la carretera N-120 hasta la población de O Barco de Valdeorras, donde se tomará la N-536, y posteriormente las carreteras y caminos locales hasta lo alto del emplazamiento. El acceso específico a las distintas posiciones, se realizará mediante caminos existentes acondicionados, y viales de nuevo trazado.

Presupuesto: 125.289.800 €

Los procedimientos en los cuales se encuadra este trámite de información pública están reglados en el artículo 53.1.a de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre (referido como "Autorización Administrativa Previa"); en el artículo 122 y siguientes del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, en su redacción dada por el Real Decreto-ley

23/2020, de 23 de junio (referido como “Autorización Administrativa”); y en el Título II, Capítulo II, Sección 1ª de la Ley 21, 2013, de 9 de diciembre (“Procedimiento de evaluación de impacto ambiental ordinaria para la formulación de la declaración de impacto ambiental”).

Corresponde a la Dirección General de Política Energética y Minas, del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, dictar la resolución de Autorización Administrativa Previa de la instalación. Corresponde a la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, del mismo ministerio, formular la Declaración de Impacto Ambiental. Por su parte, corresponde a las Áreas de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra (que actúa sobre la provincia de Ourense) y de la Delegación del Gobierno en Galicia (que actúa sobre la provincia de Lugo) la tramitación del procedimiento administrativo iniciado mediante esta solicitud, en la parte correspondiente a cada provincia, por lo que esos son los órganos a los que pueden dirigirse observaciones, alegaciones y consultas.

Todo lo anterior se hace público para que pueda ser examinado el expediente y, en el plazo de treinta días, contados a partir del siguiente a la publicación de este anuncio, formularse las alegaciones que se estimen oportunas, dirigidas al Área de Industria y Energía de la correspondiente provincia, a través el Registro Electrónico de la Administración General del Estado (<https://rec.redsara.es>) o por cualquier otro de los medios establecidos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se advierte que las personas jurídicas, las entidades sin personalidad jurídica y otros sujetos identificados en el artículo 14 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, están obligados a relacionarse por medios electrónicos con las Administraciones Públicas para la realización de cualquier trámite de un procedimiento administrativo. Con tal motivo, las alegaciones formuladas por cualquiera de esos sujetos en este trámite de información pública deben obligatoriamente presentarse por medios electrónicos.

El Anteproyecto y el Estudio de Impacto Ambiental de la instalación pueden ser examinados:

* a través del siguiente enlace:

* completo:

<https://ssweb.seap.minhap.es/almacen/descarga/envio/b30b1abd0eb99ae6f7e8449bdca3555a57e363b2>

abreviado: <http://run.gob.es/PEol403>

* en la página web de la Delegación del Gobierno en Galicia, apartado “Proyectos, Campañas e Información”, epígrafe para los “Procedimientos de Información Pública”, accesible también a través del siguiente enlace

https://www.mptfp.gob.es/porta1/delegaciones_gobierno/delegaciones/galicia/proyectos-ci/INFORMACION_PUBLICA/INSTALACIONES_ELECTRICAS.htm

* presencialmente en el Área de Industria y Energía de la Subdelegación del Gobierno en Pontevedra, sita en Plaza de España, s/n, 36002, Pontevedra; esta consulta presencial requerirá de cita previa, que puede solicitarse a través del teléfono 986 98 92 35, en horario de 9h a 14h, o del correo electrónico a industria.pontevedra@correo.gob.es;

* presencialmente en el Área de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en A Coruña, sita en Plaza de Ourense, 11, 15071, de A Coruña; esta consulta presencial requerirá de cita previa, que puede solicitarse a través del teléfono 981 98 95 58, en horario de 9h a 14h, o del correo electrónico a industria.acoruna@correo.gob.es.

A Coruña, 4 de agosto de 2021. El Director del Área de Industria y Energía, Javier Domínguez González.

R. 2368